Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 8 de xuño de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"PUNTO DÉCIMO PRIMEIRO.- ADXUDICACIÓN DO LOTE Nº 1 DENOMINADO "CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA E ESCOLAS UNITARIAS" E DO LOTE Nº 3 DENOMINADO "DEPENDENCIAS MUNICIPAIS E DE USO MUNICIPAL" DO SERVIZO INTEGRAL DE LIMPEZA EN INSTALACIÓNS MUNICIPAIS E DE USO MUNICIPAL DO CONCELLO DE AMES TRAMITADO POR PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MAIS VANTAXOSA VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA.-

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 11 de maio de 2017 realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación para adxudicación do "Servizo integral de limpeza en instalacións municipais e de uso municipal do Concello de Ames"**.**
O devandito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar.

Unha vez presentada a documentación requirida, segundo o establecido no artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polos licitadores clasificados en primeiro lugar no Lote nº 1 (Centros de Educación Infantil e Primaria e Escolas Unitarias") e no Lote nº3 (Dependencias Municipais e de Uso Municipal), resulta procedente adxudicar o contrato do "Servizo Integral de Limpeza en Instalacións Municipais e de uso municipal do Concello de Ames" nos Lotes nº 1 e nº 3.

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, e vista a fiscalización de conformidade da Intervención Municipal (informe mccd 7/2017), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar o **Lote nº 1 denominado Centros de Educación Infantil e Primaria e Escolas Unitarias** do Servizo Integral de Limpeza en Instalacións Municipal e de Uso Municipal a empresa **LIMPEZAS COMPOSTELA SL**, CIF B-15032881 nas seguintes condicións:

EMPRESA	CIF	Prezo/hora servizo ordinario (IVE 21% incluído)	Prezo total ofertado duración inicial do contrato (IVE 21% incluído)	Bolsa de horas anuais gratuítas
LIMPIEZAS COMPOSTELA, SL	B-15032881	15,65 €	417.450,00 €	200

Segundo.- Adxudicar o **Lote nº 3 denominado Dependencias Municipais e de Uso Municipal** do Servizo Integral de Limpeza en Instalacións Municipal e de Uso Municipal a empresa **LIMPEZAS GERMANIA SL**. CIF B-15660541 nas seguintes condicións:

EMPRESA	CIF	Prezo/hora servizo ordinario (IVE 21% incluído)	Prezo total ofertado duración inicial do contrato servizos ordinarios (IVE 21 % incluído)	Prezo/hora/servizo extraordinario (IVE 21%incluído)	Prezo total ofertado duración inicial do contrato servizos extraordinarios (IVE 21% incluído)	Bolsa de horas anuais gratuítas	Prezo total ofertado duración inicial do contrato (IVE 21% incluído)
LIMPIEZAS GERMANIA, SL	B-15660541	15,73 €	201.123,78 €	15,73 €	3.775,20 €	100	204.898,98 €

Así como no resto das características e condicións establecidas no prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas e nas ofertas presentadas polas empresas licitadoras.

Terceiro.- Duración do contrato

Para o Lote nº 1 Centros de Educación Infantil e Primaria e Escolas Unitarias a duración inicial do contrato será de **DOUS ANOS** a contar dende o momento da súa sinatura, podendo prorrogarse anualmente ata un máximo de CATRO ANOS (incluído período inicial e prórrogas)

Para o Lote nº 3 Dependencias Municipais e de Uso Municipal a duración inicial será de **VINTE E**

UN MESES contados dende o 1 de setembro de 2017. O contrato rematará o 31 de maio de 2019 podendo prorrogarse por períodos anuais ata o 31 de maio do 2021 (incluído período inicial e prórrogas).

As prorrogas serán obrigatorias para os contratistas.

Cuarto.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e no Prego de Prescricións Técnicas polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada

Quinto.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a oito de xuño de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria